

RESUMO DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 22 DE XULLO DE 2005

Ás 10 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, na Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**. Xustifican a súa ausencia o vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, e os señores González Laxe, Navarrina Martínez, Núñez Sal e Vidal Romaní.

1. INFORME DO REITOR

O Sr. Reitor informa da proposta de redución do número de titulacións nun 40%, consonte a noticia aparecida no diario *El País*. Sinala que aínda ten que reunirse unha comisión de notables, e que se espera unha proposta en firme do Ministerio só para o mes de outubro.

O Sr. Reitor dálle a palabra á vicerreitora de Investigación, quen informa de que nos últimos días a Dirección Xeral de I+D publicou a resolución de varias convocatorias, como a de investigadores contratados polo programa Parga Pondal, en que saíron seleccionados 10 membros da UDC; os proxectos do Plano xeral, que inclúen os de grupos en formación, dos cales se concederon 32 á UDC, e incentivos. Faltan por publicar as resolucións de todas as convocatorias de proxectos sectoriais. Así mesmo, a Dirección Xeral de I+D comunicou aos distintos solicitantes a concesión de axudas para a Semana da Ciencia. No entanto, desde a Dirección Xeral advertíuselle á Vicerreitoría de Investigación que esta concesión está condicionada pola sinatura dun convenio coa Universidade, que queda en suspenso ata a toma de posesión do novo Goberno de Galicia. Ademais, os doutoramentos con mención de calidade pasaron de 5 o ano pasado, a 11 este ano, pola renovación, tras a correspondente auditoría, de todos os existentes, e pola concesión de seis novos.

O Sr. Reitor dálle a palabra á vicerreitora de Organización Académica, quen informa de que o Consello de Coordinación Universitaria non aceptou a proposta do Consello de Goberno de reducir as prazas na titulación de Enxeñaría Informática a 120, de xeito que se deixaron en 133.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao vicerreitor do campus de Ferrol e Relación Universidade-Empresa. Por ausencia momentánea informa no seu lugar a secretaria xeral de que a Comisión de Avaliación das Empresas de Base Tecnolóxica do Viveiro de Empresas da UDC, na súa reunión do 30 de xuño, acordou aceptar o acceso de dous novos proxectos ao Viveiro de Empresas:

- Tecnoloxías para a agricultura e o medio ambiente, que está promovido por D. José Manuel Mirás Avalos, do Departamento de Ciencias da Navegación e da

Terra e que está contratado con cargo a un proxecto de investigación da Xunta de Galicia.

- Desenvolvemento de *software* para laboratorios de investigación en neurociencia e psicoloxía, que está promovido por D. Fernando del Valle-Inclán Alsina, profesor do Departamento de Psicoloxía da Facultade de Ciencias da Educación.

Tamén sinala que o 13 de xullo de 2005 se asinou o acordo marco de colaboración entre a UDC e FADESA, así como un convenio específico de bolsas Líder entre a UDC e FADESA para as prácticas en empresas. As bolsas Líder-FADESA terán unha duración inicial de seis meses cunha gratificación de 450 € Cada seis meses o/a estudante será avaliado/a e poderá concedérselle unha prórroga por outros seis meses á vez que se aumenta progresivamente a gratificación. O período máximo será de dous anos de xeito que chegue a gratificación no último semestre ata 900 € As bolsas Líder-FADESA van dirixidas preferentemente a estudantes das titulacións de Arquitectura, Arquitectura Técnica, Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, Deseño Industrial, Enxeñaría Informática e Enxeñaría Técnica Informática na UDC, que superen o 50% dos créditos da titulación en que estiveren matriculados/as.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica. Por ausencia temporal informa no seu lugar a secretaria xeral, quen sinala que o día 6 de xuño de 2005 a UDC asinou un convenio coa Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria en virtude do cal a Universidade vai recibir a cantidade de 1,4 millóns de euros para rematar o edificio do Centro de Documentación e Arquivo e para acometer obras de urbanización no seu contorno. Este financiamento súmase ao que se percibu con carácter ordinario no marco do recentemente asinado Plano de financiamento do sistema universitario galego e supón a recuperación para a UDC dunha contía similar a un remanente de crédito de 2003, que xurdiu da escasa execución desta obra durante aquel ano que non se incorporou ao exercicio 2004.

A secretaria xeral informa tamén de que o 11 de xullo de 2005 se resolveu a apertura dun expediente disciplinario a D. M. D. P. V. e se nomeou instructor a D. J. F. J.

Por último, informa de que, de conformidade co disposto no artigo 7.3 do Regulamento interno do Consello de Goberno, está na entrada o modelo de autorización para que a información sobre os temas que figuran na orde do día do Consello de Goberno sexa enviada unicamente por correo electrónico. Solicítalles aos membros do Consello de Goberno que o desexaren que o asinen e o entreguen. A convocatoria propiamente dita seguirá a ser enviada por correo interno.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, QUE TIVO LUGAR O DÍA 27 DE XUÑO DE 2005

A secretaria xeral informa de que, por erro na transcripción dos datos, remitiuse ao Consello de Goberno do 27 de xuño de 2005 a proposta da COAP do 14 de xuño dunha praza de profesor asociado T3P6 da Área de Métodos de Investigación e Diagnóstico en Investigación cando o que se aprobou na citada comisión foi unha praza de profesor asociado T3P5, polo que se debe modificar o anexo correspondente. Por erro na

comunicación do Departamento de Enerxía e Propulsión Mariña, o Consello de Goberno, na mesma sesión, aprobou que a praza de profesor asociado T3P6 da Área de Coñecemento de Ciencias dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica se adscribise á ETS de Náutica e Máquinas, cando debe adscribirse á ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, polo que se debe modificar o anexo correspondente.

Coas modificacións dos anexos que se sinalaron, **apróbase por asentimento** a acta da sesión do Consello de Goberno do día 27 de xuño de 2005.

3. APROBACIÓN DE CONVENIOS E DE CONTRATOS

A secretaria xeral informa sobre os convenios e sobre os contratos que figuran no **ANEXO III** desta acta.

Os convenios e os contratos apróbanse por asentimento.

4. LICENZAS, PERMISOS E COMISIÓNS DE SERVIZOS

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre as solicitudes de licenzas de D. Miguel A. Fernández del Olmo, do Departamento de Educación Física e Deportiva (sen soldo), e de D. Jesús Vilares Ferro, do Departamento de Computación, da solicitude de comisión de servizos de D. Gregorio Iglesias Rodríguez, do Departamento de Métodos Matemáticos e de Representación, e da solicitude de ano sabático de D. Jesús Ángel Viña Castiñeiras, do Departamento de Tecnoloxía da Información e as Comunicacións. Todas as solicitudes foron informadas favorablemente pola COAP na reunión do 14 de xullo de 2005.

A concesión das licenzas, da comisión de servizos e do ano sabático que se indican, cuxos detalles se relacionan no **ANEXO IV**, **apróbanse** por asentimento.

5. CURSOS DE POSGRAO

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica expón as modificacións que se propuxeron nos cursos de posgrao en Fisioterapia Manipulativa Articular; en Dirección de Recursos Humanos en Empresas, Organizacións e Institucións; en Intervención Logopédica e Cognitiva do Lesionado Cerebral, e en Estatística Aplicada; no curso de especialización en Series de Tempo; e nos mestrados en Edición Xornalística e en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental. Informa tamén sobre as novas solicitudes dos cursos de especialización en Organización e Xestión de Servizos de Proximidade; en Animación Sociocultural, Ocio e Tempo Libre, e en Inspección Técnica de Edificios. Todas contan co informe favorable da Unidade de Estudos Propios de Posgrao.

As modificacións e as novas implantacións, cuxos detalles se encontran no **ANEXO V**, **apróbanse por asentimento**.

6. CREACIÓN DO CENTRO DE LINGUAS

Pola ausencia do Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, quen debía informar sobre os motivos que levan á creación do Centro de Linguas, informa a secretaria xeral, que propón algúns cambios na memoria. Ábrese un debate en que interveñen os Sres. Casteleiro Maldonado, López Fernández e González López.

A creación do Centro de Linguas, cuxa memoria, coas modificacións suxeridas no debate, se recolle no **ANEXO VI, apróbase por asentimento.**

7. ADSCRICIÓN DA ÁREA DE DEREITO PROCESUAL AO DEPARTAMENTO DE DEREITO PÚBLICO

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre a solicitude de adscrición da Área de Dereito Procesual ao Departamento de Dereito Público, que conta cos informes favorables dos departamentos que están implicados, Dereito Público e Dereito Público Especial, e co informe negativo da Facultade de Dereito. Os informes dos departamentos son preceptivos e non vinculantes. O informe do centro non é preceptivo. Para non alterar a representación dos/as estudantes nos respectivos consellos, propón a aprobación da adscrición, que se executará no momento en que se convocaren eleccións a representantes de estudantes nos consellos de departamento. Ábrese un debate.

A adscrición da Área de Dereito Procesual ao Departamento de Dereito Público nas condicións que foron expresadas polo vicerreitor de Profesorado **apróbase por asentimento.** Os Sres. Arcay Varela e Soraluze Blond abstéñense.

8. PRAZAS DE PROFESORADO

O Sr. Vicerreitor de Profesorado explica a necesidade de convocar unha praza de interino de substitución para a Área de Educación Física e Deportiva e unha de axudante para a Área de Máquinas e Motores Térmicos. A convocatoria destas prazas foi informada favorablemente na COAP do 14 de xullo de 2005. Tamén informa da necesidade de contratar dous interinos de substitución por baixas por maternidade para a Área de de Enxeñaría da Construción, unha para impartir docencia de materiais de construción, formigón armado e pretensado e sistemas constructivos, ciencia e tecnoloxía dos materiais, control de calidade e instrumentación; e a outra para impartir docencia de formigón armado e pretensado, edificación e prefabricación, formigón armado e pretensado II, materiais e sistemas constructivos, control de calidade e instrumentación.

A convocatoria das prazas de profesorado que se atopan no **ANEXO VII apróbase por asentimento.**

9. LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2004

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa sobre a liquidación do orzamento do exercicio 2004. O Sr. Arcay Varela pregunta polos

motivos para considerar incobrables 760.000 euros do FEDER do ano 1999. A Sra. Vicerreitora de Investigación contesta que, unha vez que se fixeron as xestións oportunas, a autoridade competente informa de que o FEDER dese ano está pechado e que non se recoñece ningunha obriga coa UDC.

A liquidación do orzamento do exercicio 2004, que se atopa na páxina web da UDC > Reitoría > Vicerreitorías > Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica > Documentos > Memorias Económicas e Liquidacións > Proxecto de liquidación do orzamento de 2004, **apróbese por asentimento.**

10. APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE SÍMBOLOS, HONRAS E PROTOCOLO DA UDC

A secretaria xeral informa sobre o proxecto de Regulamento de símbolos, honras e protocolo da UDC, e expresa que vén cubrir unha necesidade que sentía a comunidade universitaria. Ábrese un debate.

O Regulamento de símbolos, honras e protocolo que está recollido no **ANEXO VIII apróbese por asentimento.**

11. CONVOCATORIA DE PRBAS SELECTIVAS PARA O INGRESO NA ESCALA ADMINISTRATIVA E NA ESCALA DE XESTIÓN DA UDC POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA, DE CONCURSO DE LIBRE DESIGNACIÓN PARA A COBERTURA DA PRAZA DE VICEXERENTE DO CAMPUS DE FERROL E DE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A COBERTURA DA PRAZA DE TÉCNICO SUPERIOR DO CUFIE

A secretaria xeral informa que, consonte o disposto no artigo 27 dos Estatutos, corresponde ao Consello de Goberno “acordar a creación e a minoración de prazas, así como o sistema de provisión”. Co fin de continuar facilitando a promoción do PAS da Universidade propónse a convocatoria de probas selectivas para ingreso na escala administrativa e na escala de xestión da UDC polo sistema de promoción interna. Co fin de atender as necesidades do campus de Ferrol, propónse a cobertura da praza de vicexerente do campus de Ferrol polo sistema de concurso de libre designación. Para atender a crecente demanda de formación por parte da comunidade universitaria, propónse a cobertura da praza de técnico superior do CUFIE polo sistema de concurso-oposición.

Todas as convocatorias que están referidas **apróbense por asentimento.**

12. MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO DA UDC

A Sra. Vicerreitora de Investigación informa de que, segundo o que está disposto nos artigos 35 e 36 do Regulamento de estudos de doutoramento, a Comisión de

Doutoramento ten competencia para propoñer modificacións do Regulamento ao Consello de Goberno. As modificacións que propón pretenden a adaptación do actual Regulamento ao Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao, e facilitar o acceso en liña, por parte da comunidade universitaria, ás teses de doutoramento que se leron na UDC, para o que se contará sempre co consentimento dos/as autores/as.

A modificación do Regulamento de estudos de doutoramento da UDC que se recolle no **ANEXO IX**, xunto co texto completo coas modificacións que se propuxeron, **apróbese por asentimento.**

13. APROBACIÓN DO CALENDARIO DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa sobre a proposta de calendario de estudos de doutoramento para o curso académico 2005/06.

O calendario de estudos de doutoramento que se recolle no **ANEXO X apróbese por asentimento.**

14. APROBACIÓN DO PROXECTO DE REGULAMENTO PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLOS CIENTÍFICOS, TÉCNICOS E ARTÍSTICOS

A secretaria xeral informa de que era necesario adaptar o Regulamento para a contratación de traballos científicos, técnicos e artísticos ou para o desenvolvemento de cursos de especialización, que foi aprobado pola Xunta de Goberno o 14 de xuño de 1993, á Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, aos novos Estatutos da Universidade e á demais normativa concordante. A competencia para a aprobación, por proposta do Consello de Goberno, dos regulamentos internos que regulan a xestión contractual e patrimonial da Universidade, corresponde ao Consello Social, segundo o que dispón o artigo 4 k) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, polo que ao Consello de Goberno lle corresponde aprobar o proxecto que será trasladado ao Consello Social. Ábrese un debate. O Sr. Cao Abad solicita que se consulte que se entende por retribución neta para os efectos do que está disposto no artigo 13.1 e que o informen deste asunto.

O proxecto de Regulamento para a contratación de traballos científicos, técnicos e artísticos que se atopa no **ANEXO XI apróbese por asentimento.**

15. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa sobre o proceso de elaboración da relación de postos de traballo da Universidade da Coruña. A competencia de aprobación correspóndelle ao Consello de Goberno, segundo o disposto no artigo 27.2.q) dos Estatutos. Cóntase por primeira vez nesta Universidade cos

informes, preceptivos e non vinculantes, favorables dos órganos de representación dos traballadores, a Xunta de Persoal e o Comité de Empresa, e do Consello Social. Agradece publicamente o labor dos membros que integran a comisión entre os sindicatos e a Universidade. Ábrese un debate en que interveñen os Sres. Naveira Fachal, Rego Veiga, Grela Barreiro, Soraluze Blond, Graña López, Rilo López e Cao Abad.

Apróbase por asentimento a relación de postos de traballo que se atopa, xunto coa memoria, na páxina web da UDC > Xerencia > PAS > RPT > Proxecto da RPT do PAS da UDC 2005. O Sr. Soraluze Blond abstense.

16. APROBACIÓN DO REGULAMENTO INTERNO DO DEPARTAMENTO DE SOCIOLOXÍA E CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN

A secretaria xeral informa de que o Consello do Departamento de Socioloxía e Ciencia Política e da Administración aprobou o proxecto de regulamento de réxime interno, que foi sometido ao informe da Asesoría Xurídica, que o emitiu favorable.

O regulamento de réxime interno do departamento que se cita, e que se recolle no **ANEXO XII, apróbase por asentimento.**

17. QUENDA ABERTA DE INTERVENCIONS

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica lembra aos membros das comisións delegadas do Consello de Goberno a súa obriga de asistir ás comisións, e rógalles que, en caso de non o poderen facer, xustifiquen a súa ausencia, co fin de achar unha data máis axeitada para todos.

O Sr. Soraluze Blond solicita que se amañen as fochas das estradas dos campus. O Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental sinala que este asunto é competencia do Concello.

O Sr. Valderruten Vidal propón que o próximo ano as bibliotecas dos centros pechen a última semana de xullo e abran a última de agosto, para atender mellor as necesidades do estudantado.

O Sr. Rego solicita información sobre o proxecto de Regulamento interno do Departamento de Economía Aplicada 1. A secretaria xeral sinala que a proporcionará.

O Sr. Graña solicita unha mellor asistencia por parte do persoal informático ao campus de Serantes. Contéstaselle que na RPT do 2005 se inclúe unha praza máis para atender Ferrol. Tamén solicita que a revisión xinecolóxica se faga en Ferrol. O Sr. Xerente sinala que pensa que é así, mais que o comprobará.

A Sra. López Fernández insiste na petición que xa foi feita neste consello de que se mellore a sinalización da Facultade de Filoloxía, que non é boa.

Sen más asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.00 horas.